


EL CID, A LENDA



Esta é a unidade didáctica sobre a película *El Cid, a lenda*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado en función da diversidade do alumnado poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades. Podedes enviar ditas modificacións a ofi.normalizacion@vigo.org

Grazas.

Sería interesante, previa proxección da película, que o alumnado tivese unhas referencias sobre a historia de El Cid e como chegou aos nosos días.

Historia

Rodrigo Díaz de Vivar, que pertencía á nobreza burgalesa, naceu na aldea de Vivar cara á metade do século XI, e xa dende moi pequeno foi educado na arte da guerra, as letras e as leis. Compañeiro de xogos do príncipe Sancho, este, convertido xa en rei de Castela, outorgoulle o título de «Campeador» —que significa mestre de armas de campo— aos vinte e tres anos.

Un dos episodios máis famosos na vida do heroe castelán sucedeu tras a morte de Sancho II na batalla de Zamora. El Cid sospeitaba que na morte do seu fiel amigo interviñera o irmán deste, Afonso VI, rei de León, que tras a morte de Sancho foi nomeado novo rei de Castela.

El Cid fixo xurar a Afonso na igrexa burgalesa de Santa Gadea que non tiña nada que ver coa morte do seu irmán.

O novo monarca, humillado, mandou desterrar o Cid no ano 1081. Rodrigo e os seus homes seguiron pelexando por Castela contra os musulmáns e, tras un breve regreso a Castela, o heroe é de novo desterrado no ano 1089.

El Cid non volveu pisar a súa patria, pero non deixou de loitar por ela, aínda que á marxe do rei. A súa fama alcanzou o seu punto culminante no ano 1094 coa conquista de Valencia, onde morreu cinco anos máis tarde.

Como chegou a nós a súa historia?

Grazas aos cantares de xesta. *El cantar de Mio Cid* é o cantar de xesta en castelán máis antigo que se conserva. Os xogares cantaban nas prazas as súas xestas o que perpetuou as súas fazañas no tempo.

Resumo da película

Rodrigo ten un futuro prometedor. Fillo dun nobre castelán, edúcase na corte na compañía do seu mellor amigo Sancho, o primoxénito do monarca. Está namorado de Ximena, filla do Conde de Gormaz, que prohíbe a súa relación. Mais tras a morte do Rei Fernando, Rodrigo vese envolto nun mundo de tramas e conspiracións que acabarán coa vida de Sancho e a coroación do infante Afonso. Desterrado de Castela e deshonrado, Rodrigo emprende cos seus fieis unha arriscada aventura, coa especial axuda do príncipe Al-Mutamin. Así recuperan territorios e fan fronte a Ben Yussuff, inimigo do Rei Afonso, e interesado en conquistar toda a península.

PREGUNTAS SOBRE EL CID

(Para responder estas preguntas pódese contar coa axuda da biblioteca ou de internet.)

1. Que significa o nome en árabe de El Cid?
2. Sabedes cal é o nome real e completo de El Cid?
3. Que é a Reconquista?
4. Saberiades dicir que é un califa?
5. Que son os reinos de taifas?
6. Pensades que na Idade Media a poboación sabía ler? Que tipo de persoas eran as que tiñan acceso á lectura e á escritura? Por que? Se a maioría da poboación non sabía nin ler nin escribir, tiñan acceso á literatura? Como podían acceder a ela?
7. Que son os cantares de xesta?
8. Que persoas se encargaban de transmitir os cantares de xesta?
9. A película que ides ver é unha adaptación libre dun cantar de xesta que se chama *El cantar de Mio Cid*. Sabes o que é unha adaptación? Fai unha busca dalgunhas diferenzas que existen entre a obra escrita e a película.

PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

1. Saberiades dicir o nome dos personaxes que aparecen nas seguintes imaxes? Lembrádevos dalgún personaxe máis. Animádevos a caracterizalos: a que se dedicaban, que relación tiñan con outros personaxes, se eran bos ou non, etc.

a)



b)



c)



d)



e)



f)



2. Como se chama a egua de El Cid?



3. Como se chama a espada de El Cid?



4. Analiza como é o ambiente no que se move El Cid e cales son as características que determinan o xeito de actuar de cada un dos personaxes.

5. Por grupos, buscade as similitudes e diferenzas que atopades coa sociedade actual.

6. Explica se as seguintes afirmacións sobre a Idade Media son certas o non e o motivo. Despois reformula aquelas que sexan falsas para que o seu enunciado sexa verdadeiro:

- a. A Idade Media é o período que vai dende o século V ao século XI.
- b. A sociedade era unha sociedade estamental que estaba baseada no feudalismo. Isto é, era unha sociedade na que por riba de todo estaban os nobres, despois o rei e finalmente estaba o pobo.
- c. A economía da Idade Media estaba baseada na agricultura rural. Os nobres e altos cargos eclesiásticos vivían en castelos e mosteiros. Nunha parte do castelo vivían os campesiños que traballaban as colleitas das persoas máis ricas.

7. Debate: reflexionade en gran grupo acerca de temas que aparecen neste filme como a guerra, a evolución da figura da muller, o honor ou a lealdade.

RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

1.

- a) El Cid.
- b) Ximena.
- c) Ben Yussuff.
- d) Urraca e Afonso.
- e) Príncipe Al-Mutamin.
- f) Sancho.

2.

Babieca.

3.

Tizona.